

* FASE COMARCAL DE CAMPO A TRAVÉS * PINAR (CABAÑAS) – 24 de ENERO de 2016

ORGANIZAN: Secretaría Xeral para o Deporte e Federación Galega de Atletismo, coa colaboración do Concello de Cabañas.

PARTICIPANTES

No campo a través poderán participar as entidades que estean inscritas no programa xogade modalidade campo a través

CATEGORÍAS

BENXAMÍN: nados nos anos 2007-2008 masculino e feminino.

ALEVÍN.....: nados nos anos 2005-2006 masculino e feminino.

INFANTIL....: nados nos anos 2003-2006 masculino e feminino.

CADETE.....: nados nos anos 2001-2002 masculino e feminino.

OBXECTIVOS XERAIS

- Fomentar unha práctica deportiva, educativa e saudable.
- Difundir os valores da competición dende unha perspectiva máis regrada.
- Facilitar a práctica nunha modalidade de gran tradición histórica en Galicia.

SISTEMA DE COMPETICIÓN

Nesta fase, as entidades clasificadas formarán os equipos seleccionando aos seus atletas, cun máximo de 6 participantes por equipo. Cada entidade deberá participar na súa zona correspondente, excepto en casos excepcionais nos que a participación sexa tan escasa que, a petición das propias entidades, a Secretaría Xeral para o Deporte poderá reorganizar as propias zonas previa proposta do servizo provincial correspondente.

LUGAR E DATA

PINAR (CABAÑAS), DOMINGO 24 de ENERO do 2016.

INSCRICIÓN

A inscrición dos atletas para esta Fase comarcal de Campo a Través Escolar, farase **antes das 14 horas do mércores 20 de enero do 2016**, utilizando a folla que se inclúe nesta normativa, que deberán enviar por correo electrónico a DEPORTEIDADEESCOLAR@HOTMAIL.COM e ou tamén pódese facer a inscrición a través do sistema on-line da Federación Galega de Atletismo <https://isis.rfea.es/sirfra2/>, coas claves de Usuario e contrasinal asignadas e enviadas a cada club, no caso de non ter dita clave poden solicitala ao Servizo de Deporte ou a Federación Galega de Atletismo. Aínda así, e por cuestións prácticas, prégase o emprego da citada Plataforma, xa que facilita o manexo da información.

COMPOSICIÓN DOS EQUIPOS

Cada equipo estará formado por seis corredores/as, dos/as que puntuarán os/as catro mellor clasificados/as ou tres (só na categoría cadete). Non se poderá completar un equipo con atletas de categorías inferiores.

CLASIFICACIÓNS

Estableceranse dúas clasificacións:

- Individual...: Segundo a orde de entrada na meta.
- Por equipos: A puntuación dos equipos resultará da suma dos puntos obtidos polos 4/3 atletas mellor clasificados de cada equipo, e gañará o equipo que menos puntos sume. No caso de producirse un empate entre 2 ou máis equipos, resolverase a favor do equipo no que obtivera a mellor clasificación o último dos seus corredores que puntúe. Aqueles equipos que non cheguen á meta cos 4 ou, se é o caso, 3 atletas dos que puntúan, non puntuarán como equipo.

FASE INTERCOMARCAL DE CAMPO A TRAVÉS

O Campionato INTERCOMARCAL de Campo a Través da provincia de “A Coruña”, terá lugar o sábado **13 de febreiro/2016**, EN FERROL

Para o Campionato INTERCOMARCAL clasificaranse os dous mellores equipos e os/as oito primeiros/as atletas de cada categoría, que nos estiveran incluídos nos equipos clasificados, nas fases comarcais, das Zonas de AS PONTES,

FERROL, ORTEGAL e LAMBRE-MANDEO. En ningún caso se correrá o posto de invitado os atletas que chegaran a partir do 8º clasificado/a.

OUTRAS NORMAS

Todos os aspectos non recollidos nestas normas serán regulados pola normativa oficial da Federación Galega de Atletismo, que pode consultarse na páxina web da federación: www.atletismogalego.org, e na páxina web da Secretaría Xeral para o Deporte: “deporte.xunta.es”.

